

# G

# en ti

“ Galiza somos nós: a xente e mais a fala. Se buscas a Galiza en ti tes que atopala! ”

Destes versos de “Galiza”, de *Os soños na gaiola*, de Manuel María, nace o lema “G en ti”. Por iso, porque **Galiza e o galego están en ti**, queremos convidarte a que busques, e atopas. A que, tamén no centenario das Irmandades da Fala, estea en todas e todos. E en todo. Nas tendas, nas mensaxes de móbil, nos restaurantes, nas redes sociais, nos letreros, nos parques, no amor, na música, no día a día... Na vida.

**Manuel María**, o noso poeta nacional, é o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2016. Nado en Outeiro de Rei, na Terra Cha, en 1929, é o autor máis prolífico da poesía galega. E, ademais, foi un home fundamentalmente comprometido co país, coas causas xustas e, especialmente, coa lingua galega, algo que se ve reflectido na súa obra, que consta de preto de 100 títulos, dos cales uns 50 son poemarios, pero tamén no seu traballo constante e na súa colaboración con entidades sociais de diverso tipo, nas que estivo activo ata o seu falecemento, na Coruña, en 2004.

Podes saber máis sobre o autor en: [www.casamuseomanuelmaria.gal](http://www.casamuseomanuelmaria.gal)

**QUE SE VEXA!  
O GALEGO**

Ti tamén podes facer que se vexa o galego. Usándoo, por suposto. Elixíndoo. Pedíndoo. Propóndoo. E tamén visibilizándoo!

Polo que che propomos que o galego que ti ves, que o amoses, por exemplo, nas redes sociais. Cando o vexas no aviso dun ascensor, nunha pintada ou anuncio na rúa, na etiquetaxe dun iogur, nun rótulo dun comercio ou nun anuncio de pizza. Faille unha foto e difúndea!

E **convidámosche a que a publiques esas fotos nas que se ve o galego en Twitter coa etiqueta #quesevexaogalego**, para dalas a coñecer, para visibilizar a lingua, para difundila e para, ademais, participar nun concurso da CTNL (+Info: [www.ctnl.gal](http://www.ctnl.gal)).

## Carballo Interplay



**Festival de contidos dixitais. 5, 6 e 7 de maio**  
+Info: [www.carballointerplay.com](http://www.carballointerplay.com)

**Xoves 5**, pola tarde, no Pazo da Cultura, xornada dedicada aos **contidos na rede en lingua galega**

>17.30 h **Proxección de webseries a competición en versión orixinal en galego**  
*Veciños, Chola&Lola, Gafas e Pallaso, PIB, Poetarras, Dálle jas, Teño unha horta en San Sadurniño*

>19.00 h Mesa redonda: **Hai lingua para o tubo?**  
Con: Poetarras, Paramo Pictures e Fame webserie

>20.00 h En galego en construción. Pitching de **proxectos de webseries en galego**

## Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza



**Presentación da 5.ª edición aumentada do libro sobre a situación da lingua**

**Venres 6** de maio  
20.00 h  
Librería Brañas Verdes

Coa participación de Francisco Rodríguez (autor) e Xosé Coteló

Organiza: A Mesa pola Normalización Lingüística

## Teatro con Vagalume




**Representacións teatrais dos grupos de Vagalume animación**

**Días: 8** (18.00 h), **15** (18.00 h), **21** (20.30 h) e **22** (18.00 h) de maio | Pazo da Cultura

Organiza: Vagalume

## Labrego con algo de poeta




**Presentación da biografía de Manuel María**

**Luns 9** de maio  
20.00 h | Biblioteca Rego da Balsa

Coa participación de **Mercedes Queixas** (autora) e Rosalía Fernández Rial

## A voz do vento



**Concerto de Fran Amil e a tribo incomprensíbel**

**Mércores 11** de maio | 18.00 h | Pazo da Cultura  
(Pola mañá sesión para escolares e fotocoll de Manuel María)

Participación: nenos/as **a partir de 3 anos**. É necesario reservar ou recoller convite, de balde, no Servizo de Normalización Lingüística | [www.apego.gal](http://www.apego.gal)

## Tatoos da Galiza



**Faladoiro sobre tatuaxes e presentación do libro**

**Mércores 11** de maio | 20.00 h  
Biblioteca Rego da Balsa

Coa participación de **Séchu Sende**, do Club de Lingua de Entrecruces

## A alfombra máxica

**Espectáculo sensorial para bebés con Babaluva**

**Xoves 12** de maio | 17.30 h e 19.00 h (dúas sesións) | Pazo da Cultura

Participación: máximo 20 nenos/as **de 0-3 anos**, acompañados/as dunha persoa adulta, en cada unha das sesións, por orde de inscrición. Inscrición previa de balde no Servizo de Normalización Lingüística. [www.apego.gal](http://www.apego.gal)

## Serán literario



**Presentación dos libros Coristanco. As súas parroquias e Reválida de sexto**

Coa participación dos seus autores: **Evaristo Domínguez Rial** e **Xosé Antonio Andrade Figueira**, respectivamente.

**Sábado 14** de maio | 20.00 h  
Local Social de Cances

Organiza: AC San Campio de Cances




## Encontros Culturais Arume

**Festival de música e baile tradicional**

**Domingo 15** de maio | 18.00 h  
Local Social de Berdillo

Organiza: AX Arume

## Andando a terra con Manuel María



**Conferencia de Xan Fraga sobre o poeta Manuel María**

**Luns 16** de maio | 20.30 h  
Casino de Carballo

Organiza: AC Lumieira  
Colabora: ACR Bergantiños Casino



...e ademais

### XORNADA E EXPOSICIÓN SOBRE O TRAXE TRADICIONAL

Exposición *O traxe do país.  
Poñendo en valor o noso  
traxe tradicional*

Mostra da colección de  
indumentaria popular galega  
propiedade de Alberto Golpe  
Beceiro. Sala de exposicións do  
3º andar do pazo da Cultura.  
Inauguración o xoves 12 de  
maio ás 20.30 h  
Ata o 5 de xuño de luns a  
domingo de 17.30 h a 20.30 h.  
Entrada gratuíta.

Organizan: AC Argazo e Concello  
de Carballo

### I Xornada sobre o traxe tradicional galego

Mostra e charlas sobre o traxe  
tradicional galego.  
Inscripción previa para os  
obradoiros da tarde no  
teléfono 981 704 300 de luns a  
venres de 10.00 a 14.00 h.  
Sábado 14 de maio  
Pazo da Cultura. Todo o día  
Organizan: AC Argazo e Concello  
de Carballo

[www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)

### VII PRIMAVERA EN RUTA *Sendeirismo para coñecer*

**Terras altas de Soneira**  
(Zas): 8 de maio

**Camiños de Caión**  
(A Laracha): 15 de maio

**A forza do río Chonia**  
(Trazo): 17 de maio

**Ríos de Sofán**  
(Carballo): 22 de maio

**O son do Anllóns**  
(Bergantiños): 29 de maio

Máis información en  
[www.sendanova.org](http://www.sendanova.org)  
[sendanova@hotmail.com](mailto:sendanova@hotmail.com)  
Organiza AA Senda Nova

### CONCERTOS DO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE CARBALLO Auditorio do Pazo da Cultura Entrada libre e de balde

**Concerto didáctico de  
percusión:**

luns 9 de maio | 18.00 h

**Concerto da Banda  
Municipal de Música de  
Carballo:**

martes 10 de maio | 20.30 h

**Concerto da Orquestra do  
Conservatorio:**

xoves 12 de maio | 18.00 h



**Novos Intérpretes:**  
mércores 25 de maio | 20.00 h

**Cerimonia de graduación e  
concerto do alumnado de 6.º  
de profesional:**

venres 27 de maio | 20.00 h

**Novos Intérpretes:**  
mércores 1 de xuño | 20.00 h

**Concerto da Orquestra de  
Corda:**

xoves 2 de xuño | 20.30 h

### TEATRO EOI CARBALLO DRAMA GROUP *The werewolf. Whenlookset intheway. Slowfood*

Xoves 19 de maio | Pazo da  
Cultura | 20.00 h

Entrada libre ata completar  
aforo

Organiza: Escola Oficial de Idiomas

### EXPOSICIÓN SCRIPTA MANENT

**Percorrido pola historia da  
escritura e o libro**

Ata o 21 de maio  
Biblioteca Rego da Balsa

Organiza: IES Alfredo Brañas

# 17 de maio, Día das Letras Galegas

**11.00 h**  
**AS LETRAS EN VOCES**  
Xornada de homenaxe a  
**Manuel María**

**Coa actuación da Banda  
Municipal de Gaitas, do  
grupo de música  
tradicional Arume de  
Berdillo, da Coral  
Ribeiras do Anllóns e de  
diversos centros  
educativos**

Participación libre  
Xardín Municipal

**11.00 h**  
**XXXVII CONCURSO  
INFANTIL DE PINTURA  
LUÍS CALVO**

Praza do Concello  
Organiza: AC Lumieira

**12.00 h**  
**UNHA CLASE MAXISTRAL**  
**Galeatro** (con Alba  
Bermúdez e Tone  
Martínez)  
**Espectáculo para público  
familiar**

**12.45 h**  
**CONCERTO DAS LETRAS**  
**BANDA MUNICIPAL DE  
MÚSICA DE CARBALLO**

Rúa Coruña

**13.30 h**  
**SON CARBALLO**  
**Concerto sesión vermú**  
**de presentación do disco**  
**Son Carballo, con**  
**Sonseis+, Lowcos, Porta**  
**con porta, Versión**  
**Imposible, Surf&Sun,**  
**Killer Cats, The Cerne,**  
**Dude, Crú e Nanny**  
**Mouro**

Xardín Municipal

E tamén, durante todo o día  
**PEQUEBASKET**  
[www.diapequebasket.es](http://www.diapequebasket.es)

## BiblioCanta



**Espectáculo  
participativo con  
Chío Couto**

**Mércores 18** de  
maio | 18.00 h  
Biblioteca Rego da  
Balsa

Participación: máximo 20 nenos e nenos de **0 a 3 anos**,  
acompañados/as dunha persoa adulta. É necesaria reserva  
previa, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa.

## Manuel María. Eu son fala e terra desta miña terra




**Presentación e proxección do  
documental e do libro**

**Xoves 26** de maio | 20.00 h  
Biblioteca Rego da Balsa

Coa participación de Margarita Ledo (directora)  
e Olaia Ledo (produtora)

## Emilio José + Chicharrón



**Concerto do Currunchu Pop**  
**Sábado 28** de maio | 20.30 h | Biblioteca Rego da Balsa

Entrada de balde con reserva de convite.  
+Info na Biblioteca

## XXXI Aniversario do Coro Aires de Bergantiños



Organiza Coro Aires de Bergantiños

**Sábado 28** de  
maio | 21.00 h  
Pazo da Cultura

Acceso libre ata  
completar aforo.

## Teatro Canosa-Rus

**Representación teatral do CEIP Canosa-Rus**  
**Domingo 29** de maio | 17.00 h | Pazo da Cultura



Programa das Letras  
Galegas 2016  
Para que o  
galego estea en ti

